

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	OUTEIRO DE REI
Edificio	Igrexa de San Pedro Fiz de Robra
Dirección	Lugar da Igrexa, s/n. 27154
	43.085944 -7.608303
Protección	
Descrición	<p>A igrexa románica de San Pedro Fiz de orixe románica, ten unha planta de cruz latina, de nave rectangular rematada nunha ábsida semicircular, máis estreito, precedido dun tramo recto, que corresponde á zona do presbiterio. Durante o século XVIII engadíronse dúas capelas laterais, de planta rectangular, que polo exterior, posúen a mesma altura ca nave, cubríndose ambas cun tellado a tres augas e deixando no muro estreitos vans afrontados a Leste e Oeste que iluminan tímidamente o interior destas estancias. Adousadas ó flanco Sur da nave existen as dependencias do cabido, cunha soa porta que comunica ó exterior no lado sur e unha saeteira ó Oeste.</p> <p>A igrexa realizouse con sillares graníticos distribuídos en fiadas horizontais a soga e tizón. A ábsida é semicircular, totalmente cego, sen xanelas. O seu muro divídese en tres tramos por medio de dúas columnas que se alzan sobre basas áticas, compostas por un toro inferior moi aplanado que se asentan sobre un plinto con garras. Os fustes compóñense de tambores que seguen as fiadas do muro. Os capiteis son moi sinxelos, algo toscos e arcaizantes, decorados con elementos vexetais. Por enriba, o aleiro, de perfil en nacela, apéase sobre canzorriños cortados en caveto e totalmente lisos.</p> <p>No muro occidental, perfectamente conservada, ábrese unha portada románica, de medio punto, abucinada, cunha tripla arquivolta que a enmarca. Os tres arcos presentan as súas aristas cun grosa bocel e a súa escocia lisa, sen motivo decorativo algún, ceñidos por unha chambrana de perfil en nacela. A arquivolta exterior e a intermedia apóianse sobre unha columna acodillada por lado, de fuste liso, montadas sobre basas áticas, de toro aplanado, escocia moi reducida e collarín pouco resaltado, estas, a súa vez, sobre un alto plinto paralelepipedico con garras. A arquivolta interior, descarga sobre as xambas do muro coa mediación dunha imposta en nacela.</p> <p>Enriba da portada, na fachada occidental, atópase unha xanela románica que dá luz á nave, formada por unha arquivolta de medio punto.</p> <p>A nave da igrexa está cuberta cunha armadura de madeira que soporta un tellado a dúas augas. A través do arco triunfal, de medio punto, dobrado, de sección prismática e aresta viva, con dúas roscas lisas, conecta coa ábsida que se cobre con bóveda de canón e cuarto de esfera nos tramos recto e semicircular, respectivamente.</p> <p>A pesares das evidentes reformas que experimentou a igrexa de San Pedro Fiz, conserva aínda elementos esenciais da súa orixe románica, os cais non son en ningún caso anteriores ó último terzo do século XII, conforme ó desenrolo e o tratamento dispensado na portada e xanela do frontis xunto coa decoración dos capiteis dos arcos triunfal e faixón.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	5

Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / PATRIMONIOGALEGO.NET
Data	13-12-2025

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<u>Menor.</u>	<u>BLANCO FERNÁNDEZ, JENARO</u>	1869	60	125
Espadana	<u>Maior.</u>	<u>OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)</u>	2002	65	159

Información completa: [Igrexa de San Pedro Fiz de Robra - OUTEIRO DE REI \(GALICIA\)](#)

PDF (11-06-2026)